

Venres, 15 de febreiro de 2019

Fundación Repsol colabora con once proxectos coruñeses dirixidos a persoas con discapacidade e colectivos vulnerables

Os proxectos desenvolveranse ao longo deste 2019 na contorna de actuación da refinería de Repsol e esta mañá membros das once entidades beneficiarias deron a coñecer as iniciativas a representantes, empregados do complexo industrial e voluntarios Repsol.


Fundación Repsol colabora con once proxectos sociais coruñeses dirixidos a persoas con discapacidade e/ou colectivos en situación de vulnerabilidade aos que destina 15.000 euros.

As iniciativas que se desenvolverán ao longo deste 2019 na Coruña e Arteixo -ámbitos onde a refinería de Repsol desenvolve a súa actividade- foron presentadas esta mañá a representantes, empregados do complexo industrial e voluntarios Repsol.

Estas axudas enmárcanse dentro da convocatoria anual que Fundación Repsol dirixe a entidades sociais coruñesas desde o ano 2013, co obxectivo de contribuír ao benestar da sociedade, mellorar a calidade de vida das persoas e lograr un maior desenvolvemento social, educativo, ambiental e cultural, especialmente nas zonas onde a compañía está presente.

As entidades seleccionadas este ano son:

1. ACLAD (Asociación Cidadá de Loita Contra a Droga da Coruña)
2. ASPERGA (Asociación Galega de Asperger)
3. AVAN (Asociación de Voluntarios de Axuda a Necesitados)
4. Betania Xesús de Nazareno
5. Cáritas Interparroquial Coruña
6. Ecos do Sur

- 
7. Fundación Escoita
 8. Fundación Fogar Santa Lucía
 9. Fundación Secretariado Xitano
 10. Terra de Homes
 11. Asociación West Galicia

Máis información fundacionrepsol.com

RESUMEN DOS PROXECTOS DE 2019

- **ACLAD (Asociación Cidadá de Loita Contra a Droga da Coruña):** Fundación Repsol colabora co proxecto “Iniciándonos e Entendéndonos” que achega ferramentas ás familias con mozos con trastornos de conduta.
- **ASPERGA (Asociación Galega de Asperger):** o proxecto “Repsol con Asperga” é o beneficiario, co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas con trastorno do espectro do Autismo e síndrome de Asperger e a das súas familias e contorna máis próxima.
- **AVAN (Asociación de Voluntarios de Axuda a Necesitados):** o proxecto que se beneficiará denomínase “Paraugas”, xa que resgarda da choiva dando acubillo ás persoas máis desfavorecidas da nosa contorna cun vehículo preparado para isto.
- **Betania Xesús de Nazareno:** a axuda será destinada ao proxecto “O teu Podes” que responde á vulnerabilidade, situacións de risco e/ou desprotección social e sen teito que viven as mulleres que residen nesta casa de acollida.
- **Cáritas Interparroquial:** desde a sede da Coruña desenvolven o programa “Familia Educa” dirixido a familias con menores, en risco ou situación de vulnerabilidade que promove a educación familiar e prevén o risco de exclusión social.
- **Ecos do Sur:** para axudar a esta ONG entregouse a doazón ao seu proxecto “Salvia”, dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero e desempregadas, residentes na Coruña e Arteixo, para fomentar a súa integración ou reintegración no mercado laboral como clave para unha recuperación integral.
- **Fundación Escoita:** a doazón será destinada ao Servizo de Atención Logopédica á Diversidade Auditiva 2019, cuxo obxectivo é rehabilitar o fala, a voz e a linguaxe en galego e/ou castelán en nenas e nenos ou persoas diagnosticadas en idade adulta, que adquiriron a lingua oral antes da perda auditiva.
- **Fundacion Fogar Santa Lucía:** a Fundacion Repsol colabora con esta entidade cuxa finalidade é a acollida de mulleres sen fogar ou persoas en situación de especial vulnerabilidade, a quen se lles ofrece os recursos necesarios para cubrir as súas necesidades básicas.
- **Fundación Secretariado Xitano:** esta asociación vai realizar un proxecto de orientación educativa denominado “Promociona”, que quere conseguir que cada vez máis novos xitanos terminen con éxito a Educación Secundaria Obrigatoria (E. S.O) e continúen estudando.

- **Terra de Homes:** o proxecto "Viaxe cara á Vida" será o beneficiario da doazón. Esta iniciativa é un compromiso solidario coa vida e o futuro da infancia máis vulnerable, que consegue operar a nenos en España grazas ao compromiso constante do persoal médico, voluntarios, hospitais, familias de acollida, empresas e institucións.

- **Asociación West Galicia:** esta nova asociación formada por familiares de nenos con enfermidades raras poñerá en marcha distintas terapias como: fisioterapia, terapia ocupacional, natación terapéutica, hipoterapia, logopedia, estimulación temperá ou musicoterapia.